

Sumario | nº36 – Abril 2024

EDIUS NOVAS

Doutor@s  
«extraordinari@s»



EDIUS NOVAS

Aberta a inscrición no programa ÍCARUS para a aplicación social e económica dos traballos académicos de alumnado da USC




EDIUS NOVAS

A USC acollerá en setembro o XI Congreso Internacional de Nanociencia e Nanotecnoloxía Analítica



EDIUS NOVAS

Bota a andar a primeira convocatoria para a creación de contidos dixitais formativos e de divulgación



EDIUS

## O tribunal da tese



EDIUS NOVAS

Tres investigadoras da USC, distinguidas cos premios Entre Mulleres do Concello de Lugo



EDIUS NOVAS

## Premio Luís Porteiro Garea



ENTREVISTA

Eva Rodil Rodríguez

Subdirectora de Ciencias e Enxeñarías da EDIUS

«A diversidade e calidade dos programas de doutoramento e a calidade do persoal investigador e profesorado son as principais fortalezas da EDIUS»



EDIUS NOVAS

O Portal de Investigación da USC, unha ferramenta para recompilar a produción científica xerada polo personal docente e investigador



EDIUS NOVAS

Por que participar no *Three Minute Thesis*?



EDIUS NOVAS

Un estudo sinala os lípidos en sangue como potenciais biomarcadores de COVID persistente



EDIUS NOVAS

O IGFAE, acreditado como Unidade de Excelencia María de Maeztu



**EDIUS** **NOVAS**

## Doutor@s «extraordinari@s»

Un total de 35 persoas recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento por traballos defendidos na USC ao longo do curso 2021-2022, un máis que na anterior convocatoria. Consequimos falar con algunhas delas para preguntarlles como como se senten tras recibir este importante recoñecemento e, de paso, felicitalos polo excelente traballo realizado.

**1.**  
Que significa para ti este recoñecemento?

**2.**  
Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudantado de doutoramento que agora están nese proceso?



**ANA ALONSO PÉREZ**

Área de Ciencias da Saúde

**1.** O Premio Extraordinario de Doutoramento é coma un regalo que chega unha vez rematada a tese. Despois do esforzo e tempo invertidos, é un recoñecemento á entrega e ao traballo que non sempre se ve o día da defensa, pero tamén está aí.

**2.** Ao estudantado de doutoramento recomendaríalle aproveitar todo o que rodea ao proceso de doutoramento e que non é a tese en si. Aproveitar o entorno para aprender cousas que non son estritamente do campo de estudo, e aproveitar ás compañeiras e o que poidan aportar. O doutoramento, ademais de ser un título académico, pode ser unha oportunidade para coñecer novas experiencias e abrirse a outras opcións.



**MARÍA VIVERO LÓPEZ**

Área de Ciencias da Saúde

**1.** Este premio é un recoñecemento moi importante ao traballo realizado durante a miña tese de doutoramento e supón un gran estímulo para continuar na carreira investigadora intentando superarme día a día.

**2.** Á hora de escribir a miña tese de doutoramento, axudoume moito o feito de ter moitos dos contidos xa publicados en revistas indexadas de alto índice de impacto posto que chegas á fase de escritura con moito camiño andado. Tes gran parte do contido da tese xa redactado, os resultados acadados discutidos en gran detalle e ademais contas coa opinión de revisores externos acerca do teu traballo o cal é moi útil para o día da defensa.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1.**  
**Que significa para ti este recoñecemento?**

**2.**  
**Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudantado de doutoramento que agora están nese proceso?**



**DIEGO CIDRÁS FERNÁNDEZ**

Área de Artes e Humanidades

**1.** É un recoñecemento especial, o mellor peche posible á que será, seguramente, a etapa máis fermosa das nosas vidas académicas. A nivel persoal, valoro que un proxecto de investigación en Xeografía, centrado no noso territorio e cunha parte da produción científica en lingua galega, consiga ser galardoado en foros coma este. Estou moi agradecido polo recoñecemento e congratúlame compartilo con investigadores e investigadoras doutras áreas cos que compartín espazos de traballo e de lecer ao longo destes anos.

**2.** Eu destacaría a aprendizaxe que imos desenvolvendo sobre a capacidade de planificación. É unha competencia algo secundaria ao comezo dun doutoramento, polo menos no meu caso, e que a todos nos custa refinar até que van pasando os anos. O famoso último ano de tese é sempre difícil, aparecen imprevistos por cada esquina, mais pode ser un ano manexable se consigues levantar a vista do curto ao medio prazo.



**LUCÍA PANIAGUA GONZÁLEZ**

Área de Ciencias da Saúde

**1.** É xustamente un recoñecemento simbólico do tempo, ilusión, esforzos e paciencia invertidas durante a etapa da tese. A etapa predoutoral é unha carreira de fondo, con moitos obstáculos, curvas, subidas e baixadas, - e tamén moita precariedade -, durante a que moitas veces non somos conscientes do valor do noso traballo. Botar unha ollada cara atrás e que, dun xeito obxectivo, valoren o noso traballo e resiliencia é coma esa palmeira nas costas de que fixemos as cousas ben.

**2.** Como xa comentei, a etapa predoutoral ten períodos nos que parece que estás na cima da montaña rusa, e outros nos que parece que estás a caer en picado e todo sae mal. O consello que eu querría ter recibido nesta etapa é que saber desconectar, coidar a saúde física e mental e a vida social son claves para poder afrontar eses momentos, tanto os bos coma os malos. Con tempo e esforzo todo chega.

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS**

# O tribunal da tese

**1**

## **PROPOSTA DO TRIBUNAL**

A proposta da CAPD de tribunal da tese estará formada por oito especialistas. Todos os membros propostos deberán asinar o documento T70 (galego, castelán, inglés), como aceptación a formar parte do tribunal e na que constará a súa declaración responsable de cumprir os requisitos para ser membro do tribunal establecidos no artigo 26 do [Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC](#).

Pódese incluír como documentación adicional para a EDIUS un escrito da CAPD de suxestión de tribunal titular.

Non poderán ser membros do tribunal nin o director/a, o titor/a ou calquera que incorra nas causas de abstención establecidas no artigo 23 da lei 40/2015 do 1 de outubro. No caso de teses presentadas en formato de compendio de artigos, non poderán formar parte da proposta do tribunal os coautores dos mesmos.

Na proposta de tribunal non poden constar máis de tres membros dunha mesma institución. No caso de teses que opten á Mención Internacional, na proposta do tribunal, aprobada pola CAPD, deben figurar dous expertos pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española e que non asinasen o certificado da estadía (un titular e un suplente).

No caso de teses realizadas en réxime de cotutela, estarase ao disposto no convenio asinado para o efecto.

**2**

## **NOMEAMENTO DO TRIBUNAL**

Segundo o recollido no artigo 42, deses oito membros propostos, a Comisión Executiva da EDIUS, tras a autorización da defensa da tese, nomeará a tres titulares e tres suplentes, un por cada titular, e notificará o nomeamento a todas as persoas interesadas.

**2** Na designación do tribunal, entre os/as titulares e suplentes, non haberá máis de dúas persoas dunha mesma institución ou persoal asimilado desta, de modo que o tribunal que actúe na defensa non poderá estar constituído por máis dun membro da mesma institución. No caso de programas interuniversitarios non poderá actuar como tribunal máis dunha persoa da USC ou de universidades ou institucións colaboradoras no programa.

### **3 ACTO DE DEFENSA**

O programa de doutoramento recibirá a comunicación da data de defensa e da modalidade da mesma (presencial, semipresencial ou totalmente virtual), tras o que achegará (por correo electrónico) as instrucións para o acto de defensa aos membros do tribunal que vaian a actuar. Esta información estará pública na páxina web da EDIUS.

### **4 ACTA E CUALIFICACIÓN DA TESE**

Para todas as modalidades de defensa o tribunal terá á súa disposición unha única acta electrónica e o acceso ao formulario en liña para a votación de cum laude e premio extraordinario.

A cualificación concedida por unanimidade do tribunal poderá ser: Non apto, aprobado, notable ou sobresaliente.

O tribunal poderá outorgar a mención de *cum laude* se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade.

A Universidade habilitará mediante un formulario o mecanismo necesario para a materialización da concesión final da devandita mención, se fora o caso, garantindo que o escrutinio dos votos para esta concesión se realice en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento.

### **5 GASTOS ASOCIADOS AO TRIBUNAL DA TESE**

O persoal que forme parte dos tribunais de tese e que actúe de xeito presencial terá dereito a indemnización unicamente polos conceptos de axudas de custo e gastos de viaxe.

**5**

Os membros dos tribunais de tese clasificaranse na categoría primeira das sinaladas no anexo I para os efectos de percibir as indemnizacións establecidas no apartado anterior.


Estará autorizado o gasto para membros de tribunais de tese nos seguintes casos:

- Defensa totalmente presencial: poderá autorizarse gasto relacionado co desprazamento dos membros do tribunal que actúan de forma presencial en Santiago ou en Lugo.
- Defensa semipresencial: Só poderá autorizarse gasto relacionado co desprazamento dos membros do tribunal que actúan de forma presencial en Santiago ou en Lugo.
- Defensa virtual: non procede tramitación de gasto en concepto de axudas de custo e locomoción.

O custo das indemnizacións non poderá superar:

- Teses de Doutoramento sen Mención Internacional: 600€ para a totalidade do tribunal.
- Teses de Doutoramento con Mención Internacional: 1.100€ para a totalidade do tribunal (incluíndo o membro internacional).

O procedemento de pagamento e de solicitude de financiamento á Xerencia, mantense sen variación algunha.



EDIUS NOVAS

## Tres investigadoras da USC, distinguidas cos premios Entre Mulleres do Concello de Lugo



O Concello de Lugo outorgou os premios Entre Mulleres 2024 ás investigadoras do Campus de Lugo Esperanza Álvarez Rodríguez, Rosa Romero Franco e Alba Díaz Geada polas súas distintas contribucións a prol da igualdade. Con esta distinción, que nesta edición tamén recaeu na investigadora Cintia Folgueira, “o Concello de Lugo pon en valor mulleres brillantes e talentosas que lideran proxectos que contribúen de forma substancial a transformar a nosa sociedade. Desde a enxeñería ata a historia, pasando pola edafoloxía e a bioloxía”.

“Estas mulleres non só están a enriquecer o noso coñecemento colectivo, senón que tamén inspiran a xeracións futuras de nenas e mozas lucenses a seguir os seus pasos», sinalou a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos.

O feito de que as mulleres galardoadas cos premios Entre Mulleres do Concello de Lugo sexan figuras destacadas en distintos ámbitos cientí-

ficos tamén foi salientado no transcurso dunha sesión que serviu par dar voz a todas as mulleres científicas silenciadas ao longo da historia.

A catedrática Esperanza Álvarez Rodríguez lembrou na súa intervención “as miradas de superioridade dos máis rancios” que tivo que soportar cando se incorporou á Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, onde hoxe “hai dúas mulleres catedráticas por 12 homes”. “Queda moito por avanzar”, dixo Álvarez.

A profesora Rosa Romero, a primeira muller que accede á dirección da EPS de Enxeñaría da USC, puxo o foco na docencia, que é o que “máis me reconforta”. Pola súa banda, a investigadora especialista en sindicalismo agrario do tardofranquismo Alba Díaz Geada, lembrou que a efeméride do Día da Muller acordouse en homenaxe ás mulleres rusas que en 1917 se puxeron en folga para pedir “paz e pan”. Díaz Geada está contratada na actualidade a través do programa Ramón y Cajal.

[↩ Ir ao sumario](#)



**ALBA DÍAZ GEADA**

Historiadora e profesora na Área de Antropoloxía Social da USC

*A historiadora Alba Díaz Geada é coordinadora editorial da Revista Historia Agraria e coñecedora e divulgadora do papel que o movemento asociativo tivo no rural galego na segunda metade do século pasado.*

**Que supón este recoñecemento?**

Fico moi agradecida deste recoñecemento, que supón un estímulo para continuar traballando.

Es consciente de que o teu traballo é un exemplo para moitas rapazas?


Creo que o exemplo é o das estudantes e investigadoras que se forman día a día no campo das ciencias humanas, e o de todas as traballadoras que fan posible as condicións necesarias para o sostemento da universidade pública.

**Que mulleres foron para ti referentes e che serviron de inspiración?**

Son moitas as mulleres que foron e son referente de traballo, de coidado, de loita. As que seguen a xuntarse para os traballos en común. Para facer a folga. Para pedir pan e paz.

**Que deben facer as institucións para dar voz a tantas mulleres científicas silenciadas ao longo da historia?**

É fundamental que defendamos a universidade pública galega. As institucións públicas teñen unha responsabilidade social, débense á maioría social que as sostén, e deben garantir o dereito real a unha universidade para todos e todas e en galego.



**ROSA ROMERO FRANCO**

Directora da EPS Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

*Científica e investigadora que en 2022 se converteu na primeira muller directora da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo. É ademais doutora en Ciencias Biolóxicas pola USC desde 1989.*

**Que supón este recoñecemento?**

Síntome moi honrada, agradecida e tamén contenta, porque o considero un recoñecemento colectivo á labor de todas as mulleres da EPSE.

**Es consciente de que o teu traballo é un exemplo para moitas rapazas?**

Gustaríame que así fose, que as rapazas tiveran mais interese polas actividades STEM, e en particular nas enxañarías, onde escasean. Débense promover estas vocacións xa desde a ensinanza primaria, visibilizando os tan importantes referentes femininos neste eido.

**Que mulleres foron para ti referentes e che serviron de inspiración?**

A primeira, miña nai. Son filla de emigrante, polo que todo o traballo na casa, nas leiras e no coidado dos fillos recaía nela, e como tantas outras do rural galego, sufriu a falta de dereitos na ditadura. Pouco instruída pero moi sabia, inculcoume a cultura do traballo e quixo que fose á universidade, para así ser economicamente independente e dona do meu destino. Tamén a miña directora de tese, Carlota García Paz, coa que aprendín a facer ciencia con rigor, honestidade e sen estridencias. Débolle o inicio da miña carreira profesional e segue a ser un referente para min tamén no persoal.

**Que deben facer as institucións para dar voz a tantas mulleres científicas silenciadas ao longo da historia?**

Cómpre dar visibilidade: afondar na historia para restaurarmos a súa memoria, poñelas no lugar que merecen. E tamén, divulgar entre as novas xeracións: se as rapazas só ven figuras masculinas en ciencia, terán o prexuízo de que esta non é para elas.





**ESPERANZA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ**

Catedrática no Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola na EPS de Enxeñaría

*Doutora en Ciencias Biolóxicas pola USC. Investigadora principal en nove proxectos financiados polo Estado e oito pola Xunta relacionados con temas como a fertilidade dos solos ou a súa contaminación.*

**Que supón este recoñecemento?**

Supón a visibilización do esforzo e a dedicación de tódalas mulleres que teñen contribuído ao avance da ciencia. Máis alá de logros individuais, é un recoñecemento á superación das barreiras sistemáticas e sociais ás que nos enfrontamos as mulleres. Pois apesares dos atrancos, evidenciamos que o talento, a capacidade, a perseveranza e a paixón pola investigación non son unha cuestión de xénero. Pero, hai que seguir avanzando para que isto sexa recoñecido e a igualdade sexa unha realidade.

**Es consciente de que o teu traballo é un exemplo para moitas rapazas?**

Non sei se son un exemplo, eu dedícome ao que me gusta, e quero animar ás rapazas a que fagan o que máis lles guste, que loiten por acadar o que as faga máis felices, máis fortes, máis empoderadas, máis independentes, máis libres e que sigan rompendo barreiras. Se queren ser investigadoras, adiante, iso sí, tamén en investigación hai moito que avanzar, hai que acabar coa precariedade e conseguir que non sexa unha carreira de obstáculos. Temos que captar e consolidar o talento que formamos.

**Que mulleres foro para ti referentes e che serviron de inspiración?**

A miña gran referente dentro da familia foi miña nai, unha muller loitadora, unha muller con forza, con ansia de superar atrancos, que me quería independente e libre e que pensaba que a educación e a formación me axudarían a acadar eses obxetivos. Centrándome exclusivamente no eido científico, a miña primeira referente, como a de moitas mulleres investigadoras, foi Marie Curie, e máis tarde Rosalind Franklin ou Margarita Salas. Xa na área da Edafoloxía fórono mulleres como Tarsy Carballas ou Rosa Calvo de Anta, que contribuíron a situar o estudo do solo en tódolos programas de investigación nacionais e internacionais.

**Que deben facer as institucións para dar voz a tantas mulleres científicas silenciadas ao longo da historia?**

Efectivamente, moitas mulleres que teñen contribuído ao avance científico en distintos eidos foron silenciadas e os seus logros foron atribuídos a un home. Ás institucións teñen a obriga de reparar a inxustiza histórica que sufriron estas mulleres e darlles a visibilidade que merecen. É necesario recoñecer as contribucións que teñen feito, contribucións que deberían estar integradas nos programas educativos, xa dende primaria, para que as futuras xeracións recoñezan a súa importancia e o seu legado. Penso que poñer o seu nome a institutos de investigación, a cátedras ou a contratos específicos de investigación, como xa hai algún, tamén contribúe a interesarse máis polos seus legados.

**EDIUS** **NOVAS**

## Bota a andar a primeira convocatoria para a creación de contidos dixitais formativos e de divulgación

Publicadas as bases da convocatoria para a creación de contidos dixitais formativos e de divulgación. Grazas a ela, o persoal docente e investigador da USC poderá contar co apoio dunha oficina de virtualización para o tratamento dos contidos dos que xa dispoña ou ben, que elabore para a ocasión, sendo o fin último destes contidos quedar a dispor da comunidade estudiantil e da sociedade en xeral en forma de contidos dixitais de alta calidade e con licenzas abertas.

A oficina tratará os contidos segundo a súa orixe: os xa existentes serán normalizados, adaptándoos e actualizándoos,

de ser o caso, mentres que os novos contidos e recursos dixitais pasarán por unha fase de deseño e produción. En ambos casos será o paso previo para a súa publicación nas novas ferramentas corporativas con licenza aberta.

As persoas solicitantes deberán ser membros do PDI, PI ou grupos de innovación docente da USC, e terán até o día 30 de abril para presentar a súa solicitude de participación. A información completa da convocatoria, así como o anexo de solicitude, poden consultarse na web do Centro de Formación de Persoal e no Taboleiro Electrónico da USC.

Máis información  
[nesta ligazón](#)



↩ Ir ao sumario

3MT®



## Por que participar no *Three Minute Thesis*?

O 30 de abril finaliza o prazo para enviar os vídeos para participar na terceira edición do Three Minute Thesis (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento.

O concurso apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas, así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo do que dispoñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

O requisito para participar nesta terceira edición do 3MT da EDIUS é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2023-2024 e non ter defendido a tese. [Nesta ligazón](#) pódese cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo.

Falamos con algúns dos gañadores e gañadoras da pasada edición para coñecer como participar no concurso lles axudou na súa investigación.


[↩](#) Ir ao sumario

Falamos con algúns dos gañadores e gañadoras da pasada edición para coñecer como participar no concurso lles axudou na súa investigación.

**1. Axudouche na túa investigación gañar un dos premios do 3MT?**

**2. Animas ao alumnado de doutoramento a participar no concurso?**

**3. Cal é o mellor consello que lles podes dar?**



**Rocío Del Pilar**

**Sosa Fernández**

Premio na área de Ciencias Sociais e Xurídicas

*“Potencial educativo das tecnoloxías inmersivas na educación universitaria”*

1. Gañar o 3MT supuxo para min unha oportunidade para mellorar as miñas habilidades comunicativas, definir con maior precisión o tema da miña tese e aprender doutros doutorandos e doutorandas. Temos tantas ideas cando nos referimos á tese, que ter un límite de tempo esíxeche simplificar, concretizar e transmitir as túas ideas da forma máis clara posible.
2. Ao meu parecer, é unha experiencia que merece a pena experimentar cando menos unha vez durante a etapa de doutoramento, e incluso máis dunha, para aqueles que xa participaron previamente.
3. Merece a pena intentalo e facelo o mellor que poidas. O resultado sempre será positivo, tanto persoal como profesionalmente.



**Xosé Ramón Cisneros**

Premio na área de Artes e Humanidades

*“O museo 3.0 en España: redes sociais e medios dixitais na difusión do patrimonio museístico”*

1. Facer o exercicio de resumir a túa investigación ao mínimo en 3 minutos é moi interesante e incluso sorprendente, pois aporta unha visión distinta e axuda a ver as cousas doutro modo. Ademais, no meu caso, ao traballar con redes sociais, gañar este premio deulle bastante visibilidade á miña investigación, pois foi unha forma moi boa de expandir a miña pegada dixital.
2. Por suposto! Moitas veces non nos enteramos de que estas actividades existen e que son unha forma moi lúdica de darlle visibilidade ás nosas investigacións, polo que animo a todas aquelas persoas que se atopan facendo unha tese a participar, especialmente a aquelas que proveñen da área de Arte e Humanidades, pois no ámbito das ciencias adoita haber maiores índices de participación neste tipo de actividades.
3. Non teñades medo a expresaros. Como se adoita dicir, nós mesmas somos as persoas que máis sabemos sobre o tema que estamos a investigar. Pode resultar complexo colocarse diante dunha cámara e falar sobre o noso traballo durante 3 minutos, pero os resultados que podemos obter sempre son moi gratificantes, e axúdannos a ver que o que estamos a facer é moi relevante.

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## O concurso de vídeos Vémolo Nós abre a súa segunda edición

A comunidade universitaria da USC dispón de prazo até o 24 de xuño para presentar, un ano máis, os seus vídeos ao concurso Vémolo Nós co que se pretende fomentar o uso do galego como lingua de divulgación científica.

Coa produción e a difusión destes vídeos curtos e orixinais en galego búscase constituír un compendio de materiais audiovisuais útiles para a docencia no ámbito universitario e para ter como referentes produtos audiovisuais de calidade á súa disposición que sirvan de modelo para a creación deste tipo de materiais. Ao tempo, o certame propón como retos coñecer a historia da USC a través das personaxes e dos fitos que deixaron pegada na súa traxectoria e amosar a utilidade do galego na futura vida laboral dos universitarios e universitarias.

O concurso establece tres categorías: Divulgación do coñecemento, Descubrindo a USC e Protagonista: o galego, así como dous premios en metálico para cada unha delas: 1.500 euros para a persoa gañadora e 300 para a finalista.

Tanto o audio coma os textos do vídeo, se os houber, deberán estar en galego aínda que o produto final poderá estar subtítuloado a outras linguas. Os traballos, inéditos e orixinais, terán que ter unha duración inferior a 5 minutos e serán válidos tanto formatos horizontais como verticais.

Máis información [nesta ligazón](#).

[↩ Ir ao sumario](#)

## O profesor Sebastián Villasante, nomeado editor en xefe da revista científica *Marine Policy*

O profesor e investigador Sebastián Villasante, pertencente ao Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) da Universidade de Santiago de Compostela, foi seleccionado para ser o novo editor en xefe da revista científica *Marine Policy*.

*Marine Policy* é a principal revista de estudos sobre políticas dos océanos. Os traballos publicados nela contribúen á formulación e comprensión da política mariña e son de interese para un amplo público académico, partes interesadas e funcionariado, e ofrece a persoal investigador, analistas, partes interesadas e responsables de políticas unha combinación única de análise nas principais disciplinas das ciencias sociais relevantes para a formulación da política mariña.

Os estudos representan perspectivas de campos como os asuntos mariños, a economía mariña e a xestión de recursos, a ciencia política, a ciencia mariña, a ecoloxía humana, o dereito internacional, a xeografía, a teoría normativa, a antropoloxía e disciplinas similares.



EDIUS NOVAS

## Un estudo sinala os lípidos en sangue como potenciais biomarcadores de COVID persistente

Para moitos pacientes de COVID-19, o final da etapa aguda da infección é só o comezo doutra experiencia difícil: a post-COVID. Durante a denominada COVID persistente ou *long COVID*, estas persoas desenvolven unha amálgama de síntomas prolongados que poden incluír dificultade respiratoria, fatiga, tose ou perda de olfacto, entre outros. Agora, un novo estudo liderado pola investigadora do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC (CiQUS), Rebeca García Fandiño, e con Pablo F. Garrido como autor principal lanza luz sobre os cambios nos lípidos sanguíneos de pacientes con COVID persistente. A investigación supón un avance na comprensión destas secuelas e abre a porta para mellorar o seu tratamento.

Os expertos analizaron o plasma de 147 pacientes con COVID persisten-

te. Utilizando técnicas de lipidómica, estudaron un espectro de case 400 lípidos polares distintos. A análise revelou alteracións específicas relacionadas coa inflamación e a resposta inmunolóxica continua, ofrecendo unha nova perspectiva sobre a natureza persistente da COVID. Ademais, algúns destes lípidos foron identificados como potenciais biomarcadores, o que permitiría levar a cabo diagnósticos máis precisos e desenvolver tratamentos específicos para esta enfermidade.

O achado, publicado recentemente en *Journal of Infection and Public Health*, foi posible grazas á colaboración entre persoal médico e investigador de distintos perfís. O proxecto reuniu expertos do CiQUS, a Facultade de Física da USC, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), a Universidade de Córdoba e a Universidade do País Vasco.

Máis información [nesta ligazón.](#)



FOTO: Santi Alvite

↩ Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

## Aberta a inscrición no programa ÍCARUS para a aplicación social e económica dos traballos académicos de alumnado da USC

O programa ÍCARUS ten como obxectivo estimular no alumnado universitario unha reflexión sobre a aplicación social e económica do coñecemento contido nos seus Traballos de Fin de Grao (TFG), Mestrado (TFM) e teses de doutoramento.



A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC é que pon en marcha un ano máis esta convocatoria, que está dirixida a toda a comunidade universitaria de Santiago e Lugo. O prazo de inscrición permanecerá aberto até o día 28 de abril.

ÍCARUS é unha iniciativa a modo de concurso que premia o enfoque socioeconómico dos traballos académicos do alumnado da USC nunha sorte de voo de Ícaro que se atreveu a aplicar o coñecemento e o enxeño para poder chegar máis aló da illa na que estaba confinado. Deste xeito, ÍCARUS trata de estimular o estudantado a sacar o seu coñecemento do límite da súa utilidade académica para imaxinar e explorar outras posibilidades.

Calquera estudante que desexe presentarse ao programa ÍCARUS debe cumprir uns requisitos tales como ter realizado a defensa do TFG/TFM/Tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela nos 2 últimos anos académicos e cunha cualificación mínima de aprobado.

O programa repartirá un total de 20.000 euros, distribuídos en 20 premios. Na modalidade de tese de doutoramento, por cada área de coñecemento darase un primeiro premio de 1.300 euros e un segundo de 850, existindo a posibilidade dun accésit de 250€. Pola súa banda, na categoría de TFG e TFM os premios serán de 1.100 ou 650 euros (1º e 2º, respectivamente), podendo haber tamén un accésit.

[↩ Ir ao sumario](#)

Toda a información nas bases adxuntas e o rexistro podes atopala [na seguinte ligazón](#).

EDIUS NOVAS

## Premio Luís Porteiro Garea



Luís Porteiro Garea

Primeira clase en galego  
16 de setembro de 1915

A presentación  
de candidaturas  
finalizará o día 30  
de abril.

O premio Luís Porteiro Garea alcanza a súa sétima edición reafirmando a súa vontade de recoñecer publicamente o esforzo de persoas ou colectivos a prol da normalización do uso do galego na universidade. A presentación de candidaturas finalizará o 30 de abril. Este galardón lembra e homenaxea á figura de Luís Porteiro Garea, profesor da Cátedra de Dereito Civil e membro das Irmandades da Fala, que pronunciou o 16 de setembro de 1915 no Paraninfo da Universidade a primeira lección en galego da que se ten constancia.

A convocatoria busca distinguir a iniciativa, o traballo ou a traxectoria daquelas persoas, entidades ou colectivos, tanto actuais como pasadas da USC, que contribuíran á normalización da lingua galega na propia USC, ben polo emprego habitual da lingua nas actividades cotiás da universidade especialmente cando fose de forma pioneira, ben pola achega á promoción do idioma ou á galeguización de ámbitos ou actividades concretas, polo estudo e difusión da lingua, ou calquera outra intervención no proceso de normalización lingüística na USC.

As candidaturas poderán ser propostas por calquera persoa, entidade ou colectivo dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística a través do rexistro electrónico da USC. As candidaturas deben cumprir algunha ou varias das seguintes razóns:

- O emprego habitual da lingua nas actividades cotiás da universidade, especialmente cando este uso se producira de xeito pioneiro.
- A achega, por parte da persoa ou colectivo premiado, á promoción do idioma ou á galeguización de ámbitos ou actividades da USC.
- O estudo e a difusión da lingua galega.
- Calquera outra intervención no proceso de normalización lingüística na USC que sexa valorada como significativa.

O premio ten carácter de distinción pública. Consistirá nun elemento simbólico de tipo artístico que se lle entregará á persoa, entidade ou colectivo premiado nun acto protocolario, sen que leve aparelado ben económico ningún.

Os premios entregaranse nun acto público de máximo nivel que se desenvolverá na USC no mes de setembro de 2024.

Este galardón recoñeceu nas anteriores edicións a traxectoria na promoción do galego na USC de Manolo Bermejo, José Antonio Gómez Segade, Antón Costa, Antonio Rigueiro, Xosé Manuel Beiras e Margarita Ledo Andián.

[↩ Ir ao sumario](#)



EDIUS NOVAS

## A USC acollerá en setembro o XI Congreso Internacional de Nanociencia e Nanotecnoloxía Analítica

A Facultade de Química será entre os días 3 e 6 de setembro a sede do **XI Congreso Internacional de Nanociencia e Nanotecnoloxía Analítica** (XI NyNA 2024).

O encontro está organizado polo grupo de investigación de Elementos Traza, Espectroscopía e Especificación (GETEE) e o Instituto de Materiais (iMATUS) da USC coa colaboración do Grupo Especializado en Ciencia e Tecnoloxías (Bio) Analíticas da Real Sociedade Española de Química (RSEQ).

O obxectivo principal desta conferencia é promover o desenvolvemento e o novo coñecemento sobre conceptos de química analítica aplicados á nanociencia e nanotecnoloxía. Para iso, trataranse temas concretos relacionados con nano(bio)sensores; nanomateriais para a preparación de mostras; nanometroloxía analítica; detección, caracterización e cuantificación de nanomateriais; estratexias analíticas aplicadas que involucran nanomateriais e outras aplicacións nanotecnolóxicas e nanosistemas miniaturizados.

Previo ao congreso internacional, na mañá do 3 de setembro desenvolverase un curso relacionado con diferentes aspectos do campo. Ademais, está prevista a publicación en *Microchimica Acta* dunha colección temática con achegas seleccionadas do XI NyNA 2024 e haberá premios a pósters e comunicacións orais de diferentes revistas e empresas.

O comité organizador local está presidido pola profesora Pilar Bermejo, sendo vicepresidente Antonio Moreda e secretaria Elena Peña. O prazo de inscrición está aberto (até o 24 de xuño a prezo reducido) e pódese xa enviar resumos, con data límite o 14 de maio deste ano.

 [Ir ao sumario](#)

## O IGFAE, acreditado como Unidade de Excelencia María de Maeztu

O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (**IGFAE**), centro mixto da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, formará parte durante os vindeiros seis anos da rede de centros acreditados como Unidade de Excelencia María de Maeztu.

O recoñecemento para o IGFAE, que neste 2024 cumpre 25 anos de historia, abre unha nova etapa na consolidación do centro.

Esta distinción da Axencia Estatal de Investigación supón un financiamento de 2,6 millóns de euros durante os vindeiros catro anos, o que permitirá desenvolver o proxecto estratéxico do Instituto e continuar coa evolución iniciada durante o anterior período da acreditación (2017-2021). Naquel momento, o IGFAE converteuse no primeiro centro galego en recibir este recoñecemento de excelencia.

O selo María de Maeztu marcará a aposta estratéxica do IGFAE para os vindeiros anos, con acento na participación en grandes experimentos internacionais, a formación de persoal investigador e a captación de talento.

O equipo investigador do Instituto vai estar presente en proxectos científicos que nos vindeiros anos afrontarán un grande avance, como as actualizacións no LHC do CERN ou o Observatorio Pierre Auger, a detección e análise de ondas gravitacionais (LIGO), ou os experimentos de neutrinos DUNE, NEXT ou HyperKamiokande e o desenvolvemento das infraestruturas de Física Nuclear GSI/FAIR, FRIB, etc.

Igualmente, a estratexia de formación e promoción de talento tomará pulo, cunha meirande oferta de prazas para estudantes de doutoramento, e continuarase co programa Global Talent. O centro mantén, ademais, unha elevada porcentaxe de éxito en convocatorias de alto prestixio, como as do European Research Council (ERC), Marie Skłodowska-Curie, Ramón y Cajal ou La Caixa Junior Leader.

A nova etapa virá tamén marcada por unha clara aposta pola redución da fenda de xénero (aínda notable, a nivel global, en ámbitos como a física de partículas), co compromiso de incrementar a atracción de persoal feminino. Máis información [nesta ligazón](#).

**EDIUS** **NOVAS**

## O Portal de Investigación da USC, unha ferramenta para recompilar a produción científica xerada polo personal docente e investigador

### Portal da Investigación

#### Investigar na USC

A USC sitúase nun lugar destacado na clasificación de produtividade da investigación das universidades españolas e europeas e ten unha posición relevante na valoración doutros indicadores como a captación de fondos para proxectos de I+D e de axudas FPI ou FPU, o número de artigos indexados no JCR ou as teses de doutoramento lidas.

A USC conta así mesmo cunha ampla rede de infraestruturas de apoio á investigación con persoal altamente cualificado que dá soporte científico-tecnolóxico a investigadores/as, grupos, centros e departamentos.

Buscar a produción científica



1.902

Investigadores/as

310

Grupos

7.869

Proxectos

115.219

Publicacións

9.739

Teses

43.176

Acceso aberto

O Portal de Investigación (Dialnet CRIS) permite a xestión integral da información nas institucións que desenvolven actividades de I+D+i. Esta ferramenta permite recoller a produción científica do persoal investigador que compón a institución. Na actualidade, a Fundación Dialnet conseguiu establecer 42 portais de investigación nacionais entre universidades, centros de investigación, sistemas de saúde e ciencia. Un destes portais é o da USC, que pode desenvolverse grazas á colaboración entre a Fundación Dialnet e a universidade compostelá.

O **Portal da Investigación** da USC nace co obxectivo de difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade os resultados das actividades de investigación da nosa Institución. Tamén facilita o acceso ás publicacións e datos de investigación, mellorando a reproducibilidade da investigación e contribuíndo aos obxectivos da ciencia aberta. Ademais, establece unha relación entre o financiamento e os seus resultados, realizando un exercicio de transparencia ao tempo que mellora a visibilidade e o impacto da institución.

[↩ Ir ao sumario](#)

Cómpre destacar que a USC sitúase nun lugar destacado na clasificación de produtividade da investigación das universidades españolas e europeas e ten unha posición relevante na valoración doutros indicadores como a captación

de fondos para proxectos de I+D e de axudas FPI ou FPU, o número de artigos indexados no JCR ou as teses de doutoramento lidas.

A través da web do portal podemos ter acceso á información dos máis de 1.900 **investigadores/as** da USC, desglosados por centros singulares, departamentos, facultades, institutos, centros de investigación interuniversitarios ou agrupacións estratéxicas de I+D+i. Ademais, tamén atopamos información dos 310 **grupos de investigación**, ás máis de 115 mil publicacións de todos tipo (artigos, capítulos de libros, achegas de congresos, libros ou outro tipo de **publicacións**), das 34.501 están en acceso aberto.

Outra das informacións importantes do Portal de Investigación da USC é que podemos atopar toda as **teses defendidas** desde o ano 1998 en diante, superando as 9.700. Neste apartado temos acceso a todos os traballos de investigación defendidos en cada ano.

Os autores e autoras PDI poden solicitar a incorporación das publicacións que queiran engadir ao Portal dende o seu perfil. Teñen información sobre o proceso na sección de **Preguntas frecuentes**.

Para calquera erro, suxestión ou dúbida en relación con este portal pode contactar a través do seguinte correo electrónico: **[investigacion.portalproduccioncientifica@usc.gal](mailto:investigacion.portalproduccioncientifica@usc.gal)**.

### Sesión formativa


O pasado 21 de marzo impartíuse unha sesión formativa en liña para informar sobre este Portal e dar resposta a todas as dúbidas. A formación, impartida pola Fundación Dialnet, estivo centrada en dar a coñecer todas as funcionalidades do Portal, a estrutura e tipo de publicacións que recolle, as páxinas de autor, centro e grupo de investigación.

O obxectivo final era conseguir que as persoas asistentes souberan xestionar o seu espazo persoal, editar o seu perfil ou engadir publicacións e datos de investigación. Na seguinte ligazón está dispoñible a gravación completa da sesión de formación: **[https://youtu.be/omGQUZ5IKQs?si=\\_rub50is0ztYD4Hf](https://youtu.be/omGQUZ5IKQs?si=_rub50is0ztYD4Hf)**

Ademais podedes complementar o visionado cos seguintes documentos:

- A presentación empregada pola formadora na intranet pública da Biblioteca Universitaria (BUSC): **[Presentación Portal Investigación\\_PDI USC\\_210324.pdf](#)**
- A Infografía elaborada na BUSC sobre as diferencias entre Minerva e o Portal de Investigación: **<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/33376>**

 **[Ir ao sumario](#)**



# Formación

## Actividades

Abril 2024

### Competencias en Información para a investigación. Nivel Experto 2a ed (Santiago e Lugo)

do 1 de abril ao 5 de maio de 2024; sesións presenciais SANTIAGO:  
martes 9 de abril e martes 16 de abril  
Santiago: Campus Virtual USC e dúas sesións presenciais na Aula Luisa  
Cuesta na Biblioteca Concepción Arenal  
Lugo: Aula eTerra (Biblioteca Intercentros)

Matriculación: do 13 ao 20 de marzo de 2024

Horario: de 10:00h - 13:00h

### Análise e visualización de datos espaciais con R

1, 2, 5, 8, 9 e 10 de abril de 2024  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 14 ao 21 de marzo de 2024

Horario: de 16:00h - 18:00 h

### \*Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?

3 de abril de 2024  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 13 ao 20 de marzo de 2024

Horario: de 09:30h a 17:30h

### \*Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?


4 de abril de 2024  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 13 ao 20 de marzo de 2024

Horario: de 09:30h a 17:30h

\*Trátase da mesma actividade. As persoas doutorandas deberán elixir un dos días para matricularse.

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Abril 2024

### A integridade e a ética na investigación

8 e 15 de abril de 2024

Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 19 de marzo ao 1 de abril de 2024

Horario: día 8 de 11:00h a 13:00h e de 16:30h a 20:30h;

día 15 de abril de 16:30h a 20:30h

### Redacción científica: aspectos estilísticos, editoriais e de dereitos de autor)

10, 11 e 17 de abril de 2024

Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 19 de marzo ao 3 de abril de 2024

Horario: día 10, de 16:30h a 20:30h; día 11, de 16:30h a 18:30h;

día 17, de 16:30h a 20:30h

### Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía

12, 19, 26 de abril; 03, 16 de maio de 2024

Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 25 de marzo ao 5 de abril de 2024

Horario: de 9:30h a 11:30h

